

Proceso selectivo, convocado por resolución da xerencia do 10 de maio de 2022, para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional de técnico/a superior de linguas modernas, perfil galego-portugués.

Para dar cumprimento ao establecido base 8.3 da convocatoria referida, o Tribunal acordou **PUBLICAR** os **Criterios de valoración da proba correspondente ao terceiro exercicio**, convocado para o día 22 de xullo de 2022 na aula Luisa Cuesta da Biblioteca Concepción Areal, Campus Sur da USC, 15706 Santiago de Compostela.

Neste exercicio as persoas convocadas deberán expoñer dúas unidades didácticas, unha sobre lingua galega e outra sobre lingua portuguesa. A puntuación obtida neste exercicio corresponderá á suma da cualificación obtida en cada unha das dúas unidades didácticas presentadas, valoradas cada unha delas cun máximo de 12,5 puntos. Para superar o exercicio é preciso obter un mínimo de 12,5 puntos na suma das dúas cualificacións e un mínimo de 6 puntos en cada unha das unidades didácticas. A seguir indícanse os criterios de valoración para cada unha delas:

1. Calidade da unidade didáctica (ata 6,5 puntos)

Outorgarase a puntuación máxima se a unidade didáctica:

- a) É plenamente apropiada para o nivel seleccionado (ata 1 punto).
- b) Hai adecuación entre obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación (ata 1,5 puntos).
- c) As actividades son variadas e aparecen convenientemente secuenciadas e temporalizadas (ata 1,5 puntos).
- d) A metodoloxía empregada é adecuada para a adquisición de competencias comunicativas (ata 1,5 puntos).
- e) A avaliación é completa, concreta e empréganse procedementos, criterios e instrumentos de cualificación suficientes e adecuados á proposta didáctica realizada (ata 1 punto).

2. Calidade da exposición, dos materiais de apoio presentados e das respostas ao tribunal (ata 6 puntos)

Outorgarase a puntuación máxima se a persoa candidata:

- a) Expón con visión global e interrelacionada os elementos da unidade didáctica que, de acordo co indicado na convocatoria, serán como mínimo obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización e avaliación (ata 1 punto)
- b) Expón de forma estruturada, coherente e organizada e manexa o tempo de forma eficiente (ata 1 punto)
- c) Presenta un resumo /esquema e materiais de apoio para a presentación que están ben organizados e son coherentes, adecuados en forma, contido e extensión e correctos lingüisticamente (ata 1 punto)
- d) Expón e responde ás preguntas do tribunal cunha linguaxe xestual e cunha calidade e ton de voz adecuados, que permiten manter a atención da audiencia (ata 1 punto)
- e) Na exposición da unidade e nas respostas ás preguntas do tribunal exprésase con fluidez, corrección e riqueza léxica e emprega un rexistro lingüístico, entoación e pronuncia axeitados (ata 1 punto)
- f) Responde con solvencia ás preguntas do tribunal (ata 1 punto)

Con independencia das puntuacións máximas outorgadas en cada apartado, e de acordo co que se indica na convocatoria, aquelas persoas candidatas que na exposición, no debate ou no resumo / esquema non demostren un dominio do galego e/ou do portugués acorde co posto ao que aspiran non superarán a proba.

Na convocatoria tamén se indica que

- a) As dúas unidades didácticas versarán sobre dous aspectos enmarcables en puntos do bloque II do temario.
- b) Unha das unidades versará sobre a lingua galega e a outra sobre a lingua portuguesa
- c) A exposición de cada unidade, así como o resumo ou esquema, realizaranse na lingua abordada en cada unidade.
- d) As unidades deben corresponder a algún dos niveis establecidos polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (A1-C2), a elección da persoa aspirante
- e) O tema seleccionado en cada unidade didáctica debe corresponder a puntos diferentes do bloque II do programa.

No caso de que o exercicio realizado pola persoa candidata non se adecúe a algún dos aspectos indicados, será cualificado como non apto.

O acto desenvolverase do seguinte xeito:

As persoas aspirantes convocadas deberán comparecer á hora fixada e identificarse co documento de identidade.

Inmediatamente antes do inicio da proba, a persoa candidata deberá entregarlles a cada un dos membros da comisión de selección dous resumos ou esquemas, correspondentes ás dúas unidades, cunha extensión máxima orientativa para cada unha delas de 5.000 caracteres, espazos incluídos. O tribunal indicará que unidade didáctica debe ser presentada en primeiro lugar. A persoa candidata disporá dun máximo de quince minutos para presentar oralmente a unidade, aos que se sucederán un máximo de quince minutos de debate. A continuación presentárase a segunda unidade didáctica, coa mesma distribución de tempos.

Para realizar a presentación, as persoas aspirantes poderán utilizar un proxector e un ordenador. De precisar algún outro material de apoio ou ferramenta informática, deberán indicarllo cunha antelación mínima de tres días á comisión, a través da súa secretaría.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

María Álvarez de la Granja

Taboleiro de anuncios: Taboleiro electrónico

Sítio web: https://www.usc.gal/gl/servizos/plan_pas/modules/convocatorias/convocatoria_0080.html

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ALVAREZ DE LA GRANJA, NIF ***1527**, 12/07/2022 14:25:32.

CSV: E42D-448B-49FD-A8E8